



© Jerry Bauer

## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



SANDRO VERONESI

**Caos calmo**

Tradución de Carlos Acevedo

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2010, 456 páxinas

P. V. P. 23 € IVE incluído

978-84-9865-327-4



## PREMIO NOVELA EUROPEA 2009

**P**ublicase en tradución para o galego *Caos calmo*, coa que o escritor italiano Sandro Veronesi obtivo o Premio Novela Europea do Casino de Santiago correspondente ao ano 2009. A novela premiada conta a vida de Pietro Paladini, executivo dunha televisión de pago que sofre unha convulsión o mesmo día que, mentres está a piques de morrer afogado ao salvar unha descoñecida, perde a muller coa que ía casar. Con esta novela, a Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, que Editorial Galaxia publica coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago, chega ó seu número 24 e inclúe no seu catálogo un dos autores italianos máis premiados das últimas xeracións.

Instalado nun «caos calmo», Pietro vaise converter no **epicentro dun mundo** que lle transfere o seu propio sufrimento. Na novela, asistimos a una cómica e progresiva peregrinación de personaxes: un irmán triunfador con complexo de Peter Pan, unha cuñada entolecida, os seus compañeiros de traballo e os seus xefes, que tratan de acabar co seu equilibrado acougo para atraelo ao seu propio terreo. Soamente coa axuda da súa filla, o protagonista vai atopar o camiño que lles permita seguir vivindo, o remedio para aceptar as imposicións da madurez.

A escritura envolvente de Veronesi, a relación ininterrompida entre intelecto e palabra, é a corda coa que Pietro Paladini, o protagonista da novela, recupera o balde do fondo do pozo; pouco e pouco, inexorablemente, o relato vai definindo as condicións para un final inesperado e, malia todo, totalmente natural, no que se socavan **os límites do posible** para aproximarse á máis sinxela das verdades: a aceptación da natureza humana na súa banal, heroica confusión de forza e debilidade.

**S**ANDRO VERONESI (Florenza, 1959) é autor de *Per dove parte questo treno allegro* (1988), *Gli Sfiatori* (1990), *La forza del pasato* (2000), coa que obtivo o Premio Viareggio L. Repaci e o Premio Campiello, e *Brucia Troia* (2007), entre outras obras. Con *Caos calmo* foi gañador do Premio Strega 2006, o máis importante de Italia. Desta mesma novela, o director Antonello Grimaldi realizou unha película protagonizada por Nanni Moretti.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com